

Galicia. A nosa vida en Dixital

A Sociedade de Información nos fogares galegos

SI

Resumo Executivo
Edición 2021



Contidos



Introdución



Situación Actual e Evolución dos Indicadores



Resultados Principais

Factores que inflúen no uso das TIC



Crecemento Dixital Anual



Análise DAFO

Introdución

OBXECTIVOS



- Analizar o equipamento e uso das TIC nos fogares galegos
- Actualizar o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia, incluído no Plan Galego de Estatística 2022-2026

MARCO



- **Metodoloxía e recollida de datos:**
 - IGE, a través da inclusión de indicadores sobre as TIC na “Enquisa estrutural a fogares. Ano 2021” (ECV –IGE)
- **7.885 entrevistas en fogares e 16.277 enquisas a persoas** de 16 a 74 anos de idade.
- **Procesamento estatístico e análise:** Amtega–OSIMGA

FONTES DE INFORMACIÓN



- **Evolución Anos 2018 -2019 -2020 -2021: IGE- OSIMGA**
- **Comparativa co contorno:**
 - Indicadores estatais: INE
 - Indicadores europeos: Eurostat

Situación Actual e Evolución dos Indicadores



CONTRATACIÓN DE INTERNET

O 92,2% dos fogares galegos teñen Internet contratado, un 2,1% máis respecto ao ano anterior

No período 2018-2021, o incremento de fogares galegos con Internet contratado foi do 7,7% fronte ao 3,4% da media europea.

O crecemento nos concellos < 5.000 habitantes nese período foi do 32,3%.

A porcentaxe de usuarios de Internet nos últimos tres meses incrementouse en Galicia un 1,9% respecto ao ano anterior e sitúase no 89,4%

FOGARES MÁIS DIXITAIS

No 2021 o 78,7% do total de fogares con persoas de 16 a 74 anos contan con ordenador de sobremesa, portátil ou tablet (+3% respecto ao ano anterior).

Afiánzase o proceso de dixitalización dos fogares galegos e as novas tendencias da cultura dixital: No 2021, o 9,7 % dos fogares galegos teñen altofalantes intelixentes, o 5,5% sistemas de seguridade conectados a Internet e o 4,4% outros dispositivos domóticos, de control de enerxía ou electrodomésticos conectados a internet.



USOS DE INTERNET

9 de cada 10 galegos/as entre 16 e 74 anos usa o teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet (smartphone), sendo o seu uso universal (máis do 99%) entre as persoas de 16-34 anos, mentres que nos maiores de 65 anos o uso sitúase no 64,3%.

As actividades preferidas dos internautas galegos no 2021 son ler noticias, xornais ou revistas en liña (87%), telefonar ou realizar videochamadas usando apps como WhatsApp, Skype, Messenger, Facetime, Viber (83,1%), usar banca electrónica (74,6%) e participar nas redes sociais (71,3%).

DIXITALIZACIÓN DOS MAIORES

A fenda dixital segundo a idade redúcese ano a ano e cabe salientar un significativo incremento no nivel de dixitalización no tramo de idade de 65 a 74 anos: o 58,7% xa son usuarios de Internet (+10,8% respecto ao ano anterior e + 73,6% respecto ao 2018).






Principais Resultados



Dixitalización dos Fogares

Fogares con Ordenador

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



O **78,7%** dos fogares galegos contan con ordenadores.




Incremento no período 2018 - 2021
Galicia: 7,8% España: 5,3%

En estreita relación co proceso de dixitalización que se está a producir nos fogares galegos nos últimos anos, obsérvase a incursión de novas tendencias No 2021, o 9,7% dos fogares galegos dispoñen de altofalante intelixente e o 5,5% ten dispositivos de seguridade conectados a Internet. A penetración da tecnoloxía domótica ou asociada ao Internet das Cousas (IoT) está presente no 4,4% dos fogares galegos.

No 2021 os ordenadores xa están presentes en 8 de cada 10 fogares.


O segundo equipamento doméstico máis habitual é a Smart TV. No 2021 os fogares con Smart TV supoñen o 43,7% do total, rexistrando un aumento do 96,8% dende o 2018 e un 7,9% dende a edición anterior.

Os fogares galegos que dispoñen de consola de xogos con capacidade de acceso a Internet creceron nun 11,6%, acadando o 22,2%.



Equipamento Tecnolóxico dos fogares


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Internet

Fogares con Internet contratado


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



No 2021, a porcentaxe de fogares galegos con Internet contratado incrementouse un 2,1% respecto ao ano anterior, acadando o 92,2%.

Velocidade de conexión a Internet superior aos 30 Mbps no fogar

(% sobre o total de fogares con conexión a Internet)



O 69,7% dos fogares galegos con conexión a Internet dispón dunha velocidade de conexión a Internet superior aos 30 Mbps, cun crecemento do 19,3% no último ano, amosando a rápida evolución da velocidade de conexión nos fogares galegos.


Ademais, a porcentaxe de fogares con velocidade de conexión a Internet contratada superior a 100 Mbps experimentou un forte incremento no período 2018 a 2021, situándose no 30% fronte ao 13,1% que rexistraba no ano 2018.



Uso das TIC

Persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Incremento no período 2018 - 2021
Galicia: 11,6%. España: 9,1%. UE: 6%

A porcentaxe de usuarios de Internet incrementouse en Galicia un 1,9% respecto ao ano anterior e sitúase no 89,4%.


No período 2018-2021, a evolución de persoas que utilizaron Internet nos tres últimos meses en Galicia é superior ao crecemento estatal e europeo.



Uso das TIC

Actividades realizada polos internautas

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



As actividades preferidas dos internautas galegos no 2021 son ler noticias, xornais ou revistas en liña (87%) , telefonar ou realizar videochamadas (usando apps como WhatsApp, Skype, Messenger, Facetime, Viber) (83,1%), usar banca electrónica (74,6%) e participar nas redes sociais (71,3%).



Compras a través de Internet


O 61,7% dos galegos/as adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet, o que supón un crecemento do 5,5% no último ano.

Os mozos/as con idades comprendidas entre os 25 e 34 anos acadan a maior porcentaxe en compras a través de Internet (93%), un 5% mais que no 2020.



Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo grupos de idade

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Ciberseguridade

Persoas que dispoñen dalgún servizo de seguridade (antivirus, cortafuegos...) nos dispositivos de uso particular


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet e no fogar dispoñen dalgún dispositivo electrónico con capacidade de acceso a Internet)



O 68% dos galegos/as teñen instalados nos seus dispositivos de uso particular algunha medida de ciberseguridade (antivirus, cortafuegos, ...).

Persoas que sufriron algún incidente de ciberseguridade nos dispositivos de uso particular nos últimos 12 meses

(% sobre as persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Un 9,6% dos internautas galegos/as sufriron incidentes relacionados coa ciberseguridade no último ano.



eAdministración

Persoas que interactuaron coas AAPP por Internet nos últimos 12 meses para obter información

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet)




Incremento no período 2018 - 2021
Galicia: 23,5%. España: 4,9%. UE: 3,9%

A porcentaxe de internautas galegos que interactuaron coas AAPP por Internet nos últimos doce meses para obter información foi do 81,9% no ano 2021, cun incremento do 9,2% no último ano.

Os indicadores de eAdministración na cidadanía galega continúan a superar os valores estatais e europeos.

Persoas que interactuaron coas AAPP por Internet nos últimos 12 meses para enviar formularios cumprimentados incluíndo a cobertura "online"


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet)



O tipo de interacción coas AAPP que máis se incrementou o último ano foi o envío de formularios cumprimentados, incluíndo a cobertura "online", que experimentou un crecemento do 12% e sitúase no 79,1%.




Factores que inflúen no uso das TIC



Factores que inflúen no uso das TIC:

IDADE

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo idade. Comparación Galicia/España



A idade continúa a ser unha variable que afecta de xeito directo ao nivel de dixitalización. A menor idade, maior uso da Rede, acadando niveis de uso do 99,6% entre os/as galegos/as máis novos/as, en valores similares á media estatal.


A fenda dixital segundo a idade redúcese ano a ano e cabe salientar un significativo incremento no nivel de dixitalización no tramo de idade de 65 a 74 anos: o 58,7% xa son usuarios de Internet, o que representa un incremento do 10,8% no último ano.



Factores que inflúen no uso das TIC: FORMACIÓN

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a súa formación

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




O nivel formativo dos/as galegos/as é determinante en todos o indicadores TIC pero, relaciónase particularmente coas compras a través de Internet: máis do 85% dos galegos/as con formación universitaria compran a través da Rede.

Factores que influen no uso das TIC:

INGRESOS MENSUAIS

Fogares con ordenadores segundo volume de ingresos do fogar

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



A presenza de ordenadores no fogar (portátil, sobremesa, tablet,...) crece de modo paralelo aos ingresos: o 96,5% dos fogares con ingresos mensuais superiores aos 3.500 euros dispón deste equipamento.




Factores que inflúen no uso das TIC:

CONVIVENCIA CON NENOS/AS


Fogares con ordenadores segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fogares con Internet contratado segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74)



A presenza de menores en idade escolar repercute de xeito positivo na dixitalización do fogar


Factores que inflúen no uso das TIC: HÁBITAT

O uso de Internet continúa a incrementarse en todos os tipos de hábitat en Galicia. Nos concellos de máis de 20.000 habitantes, supérase amplamente a media galega (89,4%).


Cabe salientar, especialmente, o incremento do 31,9% no uso de Internet experimentado polos concellos de ata 5.000 habitantes dende o 2018 ata chegar ao 81,8%.

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o tipo de hábitat

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses



Crecimiento Dixital anual

FOGARES CON
INTERNET



+ 2,1%

**868.954
fogares**

2020-2021
+ 15.494

FOGARES CON
VELOCIDADE
DE CONEXIÓN
SUPERIOR A
100 MBPS




+ 10,3%

**260.921
fogares**

2020-2021
+ 28.384

INTERNAUTAS
16-74 ANOS




+ 1,9%

Internautas
2021
+ 1,75 millóns

2020-2021
+ 20.283

INTERNAUTAS
65-74 ANOS



+ 10,8%

Internautas 2021:
**+ 188.000 de 65-74
anos**

2020-2021
+ 18.610

Análise DAFO



FORTALEZAS

Continúa a evolución positiva dos principais indicadores TICs e a converxencia paulatina coa media estatal e europea.

Impulso dos indicadores de dixitalización entre os colectivos que, tradicionalmente, presentaban unha menor inclusión dixital (persoas maiores ou residentes no rural).

Gran despregue no uso da eAdministración en Galicia.

O 99,6% dos fogares con nenos en idade escolar contan con conexión a Internet.



DEBILIDADES

A dificultade para a dixitalización en zonas afectadas polo despoboamento e a dispersión.



OPORTUNIDADES


Estratexia Dixital Galicia 2030: actuacións para configurar un futuro dixital para tod@s

Desenvolvemento dun marco de competencias dixitais para a cidadanía

Despregamento das redes 5G

Incipiente presenza de tecnoloxías disruptivas nos fogares galegos

Desenvolvemento dunha Administración Intelixente, con servizos proactivos, inclusiva, accesible 24 horas.



AMEAZAS

A xente maior aumentou o seu uso de servizos sensíbles como a Banca Electrónica e a Sanidade polo que debe mellorarse o seu coñecemento e preparación ante as ameazas á ciberseguridade.

Marxe de mellora na incorporación da xente maior ás compras por Internet para facilitar o acceso aos bens e servizos, cada vez máis dixitais.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA



Xacobeo 21-22